



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXIA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2020/5**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, XOVES 28 DE MAIO DE 2020 -**

No día de hoxe, ás 10:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

PSOE

MANUEL CARAMES LOPEZ

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

MONICA VILELA VILELA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

PP

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

JAVIER LEMA SUAREZ

**AUSENCIAS:**

PSOE

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA

**A SECRETARIA:** ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

**INTERVENTORA:** MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
2. Dar conta decreto aprobación liquidación orzamento 2019
3. Proposta ao Pleno de aprobación da modificación orzamentaria 2020/10. Crédito extraordinario e suplemento de crédito.
4. Proposta ao pleno para derogación de ordenanzas fiscais de ocupación con cadeiras e mesas e postos mercados.
5. Proposta ao Pleno para aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2020.
6. Proposta plenaria Plan Adicional 1 e 2 de 2020
7. Adhesión Asociación Turismo
8. Acordo adhesión á iniciativa europea do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía.
9. Aprobación convenio definitivo estrada faro de Touriñán.

**1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

## **2.-DAR CONTA DECRETO APROBACION LIQUIDACION ORZAMENTO 2019**

A Secretaria explica que se da conta ao pleno do Decreto de 3 de abril 2020 polo que se aproba a liquidación do orzamento 2019.

## **3. PROPOSTA AO PLENO DA APROBACION MODIFICACION ORZAMENTARIA 2020/10. CREDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CREDITO.**

O Sr. Alcalde manifesta sobre a proposta ao pleno neste punto “; O grupo de goberno cree que son obras interesantes e van na liña de reactivación do sector económico mediante estas inversión. ( Cita as obras propostas).

Estas obras, xunto con outras partidas de sinalización, ascenden a máis de 800.000€. É unha inversión histórica que moverá a economía das pequenas empresas, pois todas elas poderán optar a estas obras. Estas obras teñen que estar rematadas antes de final de ano e por elo nos vindeiros 6 meses xa se poderán desfrutar polos veciños.

É un plan integramente municipal e se o sumamos ás obras que están en execución ou licitación, como Camiños en Fumiño, Camiños en Touriñán, saneamento en Francia, etc, ascenden a 1.351.000€. Se as sumamos ás inversión do POS anterior, Talón, Quintáns, parque biosaudable, etc, serían 1.823.000€.

Tamén está o arranxo da estrada ao faro de Touriñán, con 636.000€, que realizará a Autoridade Portuaria. Todo elo fai unha inversión de 2,5 millóns de euros de inversión neste primeiro ano de xestión deste goberno.”

Intervén seguidamente a voceira do PP, Sra Vilela: “Segundo di vai gastar 2,5 millóns en obras e non vai dar solución a problemas tan fundamentais como o da auga. Nomea obras que nun 90% están herdadas, presupostadas con anterioridade. Esas obras quedaron listas para empezalas cando a campaña electoral e vostede tarda un ano en executalas, obras xa licitadas e listas. A maior parte das obras que cita son proxectos herdados desas persoas que lle deixaron todo preparado e das que vostede agora renega. Non ten iniciativa real. Estamos na maior crise da historia e vostede non fai nada. Vende catro obras como plan de reactivación da economía pero , é que non hai outros sectores que a construción?. Que pasa co Turismo?

Non presenta nada en auga e os hosteleiros están moi preocupados cara o verano cando veñan as secas. Gastaremos miles de euros en traer camións con auga e logo dirá que hai sabotaxe dos enemigos que antes eran amigos. Se fíxese unha inversión como é debido, porque non imos ter nunca máis diñeiro que agora.

A parte positiva é que vai facer obras, celebramos a da escola de Os Muíños, pedida polo partido popular. As obras no campo de fútbol, son para os vestiarios femininos? ( O alcalde contesta que si). Celébroo e reivindico que é unha idea que no seu momento lle trasladou o anterior presidente do C.Fútbol, Alvaro.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Non prevé nada para os mariñeiros, nin axudas Covid, nin para prevención nos areas cara o verán. Votaremos a favor porque nunca votamos en contra das obras pero cremos que non son as que terían que ser. Non estamos de acordo coa modificación do Concello e queremos aclarar que non hai ao respecto o consenso que di, porque a min trasládanme outra cosa. Creemos que hai outras prioridades.”

Intervén seguidamente D Carlos Fdez Concheiro: “ Votaremos a favor. Estamos de acordo en algunhas cousas e noutras non. Seگو a poñer de menos en falta un consenso, falar. Un plan de reactivación económica tampouco é isto. Non estamos moi de acordo coa remodelación do Concello agora. Outras son razoables e dou un voto de confianza en espera da aprobación do orzamento. Estou de acordo, tendo en conta de que a Xunta está desaparecida en combate, con que o concello axude á actividade económica da nosa economía pero aquí viñeron percebeiros pedindo axuda para arranxar algunhas pistas e non sei se está previsto aquí. Son arranxos pequenos e precisos antes de que remate a campaña de verán. Tamén fixeron una petición do arranxo dun motor e comprendo que poida haber problemas con intervención pero algunha solución haberá. O que podamos facer aquí debemos facelo. A Xunta non responde.

Non estou de acordo, Sandra, en que houbese boa xestión nos anteriores gobernos municipais. Non a todos os Concellos lles dan un eólico todos os días. Critiquei no anterior goberno a execución das pistas, coa concesión de obras algo pasaba. Espero que agora se fagan pistas e sexa para tempo. Había un compromiso plenario a proposta do BNG de investir un 20% en depuración, que este goberno non ten que asumir pero deberá pensalo. Non se me contestou á problemática da auga. Non entendo que o goberno central ou a Xunta non tomaran medidas nisto cando aprobaron o Parador, que vai a consumir moito e a auga búscana facendo un pozo.

Penso que fai falta unha política imaxinativa sobre promoción de turismo, a posta en valor dos nosos espazos naturais, facer de Muxía un referente en turismo de natureza. Din moitas veces exemplos, coas dunas , rutas históricas, a Furna da Buserana, que non se pode chegar a ela, etc.”

O Sr. alcalde intervén: “ Na campaña electoral segundo vostede, Sra. Sandra, nada valía para nada e todo o feito era un desastre e agora piropea a anterior xestión. Antes criticou ao goberno anterior e agora é marabilloso. Vostede di que as obras quedaron licitadas e non é así. As obras están en licitación agora e eu dixen que neste ano e medio de xestión habería unha inversión real de 2.5 millóns de euros que estou a xestionar eu e o meu goberno. No plan de recuperación hai máis cousas que obras. A xestión do Covid foi positiva e respecto á escola de Os Muíños de que era proposta do PP, só ten que falar coas persoas que a usan cando na campaña eu lles dixen o que ía facer alí.

Respecto ao da xestión das praias, a Xunta da unha idea que non vale. Facer proposta de usos QR para isto nun concello con recursos persoais e económicos como os que temos é unha forma fácil de lavarse as mans.

Sobre a auga, falamos con Augas de Galicia, sabe vostede algo ao respecto de algún plan para Muxía?, pois con Augas de Galicia, Deputación e Concello hai algo.

En canto ao tema dos percebeiros, Carlos, preocúpame tamén. Reuninme co sector e transmitíronme o do motor e a cofraría o da fábrica de xeo. Hai dificultades con respecto ao fin e non no proceso. Agora vou a unha xuntanza coa Conselleira sobre este asunto.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Os percebeiros indicaranme cales camiños e prioridades teñen e imos arranxalos.

Teño, respecto á auga, un proxecto moi ambicioso que xa se está encauzado.”

Volve a intervir a Sra Vilela: “; Non alabo a xestión de Félix, só dixen que isto era unha continuidade con proxectos herdados Digo que en plena crise sanitaria e gastando remanente non se resolve ningún problema de Muxía. As obras puderon estar feitas fai meses. Respecto a auga non é só Muxía, que pasa con Agranzón, Castelo? Vostede fai castelos no aire.

En canto á Xunta, isto non é o Parlamento de Galicia e o estado central debe a Galicia 350 millóns de €. Quizais se os tiveramos xa podería a Xunta tomar medidas, que non lle quepa dúbida, vai adoutar.

Eu xa trasladei á Consellería o problema da meixela, da fábrica de xeo, etc, e estase a traballar neles. Tamén trasladei o problema do motor pero como non teñen personalidade xurídica non poden optar a subvención. Hoxe pola tarde doulles a solución.”

Volve a intervir D Carlos Fdez: “;Esperemos que o que dependa do Concello se faga. É patética a situación desas pistas. Cada dous o tres anos hai que arranxalas e sempre foi así, non hai que vendelo se non contar con elo. O percebe é parte da nosa gastronomía e da economía local e igual habería que facer unha festa de exaltación do percebe.”

Sometido o asunto a votación, por unanimidade o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 10/2020 do Orzamento da Corporación para o ano 2020 mediante suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería por importe neto de 881.139,72 euros de acordo co seguinte detalle:

**GASTOS:**

| APLICACIÓN | INCREMENTO | FINALIDADE  | MODIFICACIÓN          |
|------------|------------|---|-----------------------|
| 323.489.03 | 60.000     | Axudas para materia escolar   | Suplemento de crédito |
| 133.623.00 | 8.000,00   | Ordenación do tráfico e estacionamento.<br>Adquisición de maquinaria, utillaxe<br>( sinais) | Suplemento de crédito |
| 161.623.00 | 14.386,12  | Abastecemento de auga potable.<br>Adquisición de maquinaria, utillaxe.<br>Bomba de auga     | Suplemento de crédito |
| 160.623.00 | 23.000,00  | Alcantarillado. Adquisición de<br>maquinaria, utillaxe para as<br>depuradoras               | Suplemento de crédito |
| 341.227.99 | 4.000,00   | Fomento e promoción do deporte.   | Suplemento de crédito |



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

|              |                   |  |                        |
|--------------|-------------------|--|------------------------|
|              |                   | Traballos feitos por outras empresas. Facturas de Ruben Prieto, curso surf 2018 e 2019   |                        |
| 342.632.00   | 5.000,00          | Instalacións deportivas. Inversión de reposición en edificios e outras construcións. Mellora de vestiarios do campo de fútbol                      | Crédito extraordinario |
| 341.625.00   | 5.000,00          | Instalacións deportivas. Inversión nova en mobiliario. Material deportivo  | Suplemento de crédito  |
| 920.625.00   | 5.000,00          | Administración xeral. Inversión nova en mobiliario. Material de oficina  | Suplemento de crédito  |
| 920.626.00   | 5.000,00          | Administración xeral. Inversión nova para procesos de información  | Suplemento de crédito  |
| 333.635.00   | 4.706,00          | Equipamento culturais e museo. Inversión de reposición en mobiliario.  | Crédito extraordinario |
| 920.624.00   | 20.000,00         | Administración xeral Adquisición de camión grúa  | Suplemento de crédito  |
| 920.632.00   | 20.000,00         | Administración xeral. Inversión de reposición en edificios. Rehabilitación de cuberta de edificios de servizos múltiples                           | Suplementos de crédito |
| 920.632.00   | 48.400,00         | Administración xeral. Inversión de reposición en edificios. Acondicionamento de local para centro social en Muxía                                  | Suplemento de crédito  |
| 454.619.00   | 12.193,45         | Camiños veciñais. Outras Inversión reais. Reparación de tramo de camiño interior en Lourido  | Suplemento de crédito  |
| 920.632.00   | 113.155,21        | Administración xeral. Inversión de reposición en edificios. Rehabilitación e reacondicionamento de planta baixa e alta da antiga escola dos Muíños | Suplemento de crédito  |
| 135.622.00   | 48.375,30         | Protección civil. Inversión nova en edificios e outras construcións. Construción de almacén para equipos e material para protección civil          | Crédito extraordinario |
| 920.632.00   | 46.673,18         | Administración xeral. Inversión de reposición en edificios. Adecuación de oficinas en edificios municipais   | Suplemento de crédito  |
| 459.619.00   | 300.000,00        | Outras infraestruturas. Inversións reais. Renovación e adecuación de beirarrúas en Os Muíños e Quintáns  | Crédito extraordinario |
| 459.619.00   | 43.053,01         | Outras infraestruturas. Inversións reais. Adecuación de espazos públicos en Leis e Vilar de San Martiño de   | Crédito extraordinario |
| 453.619.00   | 48.007,45         | Estradas. Inversións reais. Adecuación de aparcamento en Avda. Doctor Toba e reforma pendente vial en San Martiño                                  | Suplemento de crédito  |
| 453.619.00   | 47.190,00         | Estradas. Inversión reais. Mantemento de asfaltado en viais públicos do concello   | Suplemento de crédito  |
| <b>TOTAL</b> | <b>881,139,72</b> |  |                        |



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXIA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**INGRESOS.**

| CONCEPTO     | IMPORTE           | FONTE DE FINANCIAMENTO                        |
|--------------|-------------------|---|
| 870.00       | 881.139,72        | REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA GASTOS XERAIS |
| <b>TOTAL</b> | <b>881.139,72</b> |   |

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

**4.-PROPOSTA AO PLENO PARA DEROGACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS DE OCUPACIÓN CON CADEIRAS E MESAS E POSTOS MERCADOS**

A secretaria explica a proposta neste punto.

O Sr. Alcalde intervéñ: “ Anunciei con anterioridade este compromiso e estabamos buscando o mellor método para facelo. “

Dna Sandra Riveiro manifesta : “;Votaremos a favor porque é proposta do PP. O 29 de marzo 2020 Portos acorda a condonación das taxas de terrazas.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a derogación das Ordenanzas fiscais reguladora das taxas por taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo en el taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo es definitivo, en base ao artigo 17.3do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo

**5.-RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 2/2020**

O Sr. Alcalde explica brevemente o contido da proposta.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXIA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Dna. Sandra Vilela anuncia a abstención do seu grupo como “como sempre que hai reparo de intervención. Sometido o asunto a votación o pleno, por 6 votos a favor do grupo municipal do PSOE(5) e BNG (1), e a abstención do grupo municipal do PP (3), acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 2/2020 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2020 por importe de 4.861,4 € e recoñecer as obrigas que se deriven del, co seguinte detalle:

| Nº e data da factura                    | Provedor               | Concepto   | Importe    |
|---|------------------------|--|------------|
| 37 de 30/12/2019                        | Iván Nuñez López       | Servizo de lavandería sobre rodas, mes de decembro 2019      | 600,00 €   |
| 047-2019 de 31/08/2019                  | José Ameijeras Gándara | Mantemento e man de obra do camión de lixo 6068 KHN.         | 261,46 €   |
| 128 de 25/08/2019 presentada 19/01/2020 | Rubén Prieto Tomé      | Cursos de Surf en Nemiña, durante unha semana en Agosto 2019 | 2.000,00 € |
| 120 de 28/03/2019 presentada 19/01/2020 | Rubén Prieto Tomé      | Cursos de Surf en Nemiña, durante unha semana en Agosto 2018 | 2.000,00 € |
| TOTAL                                   |                        |  | 4.861,46   |

**Segundo.-** Resolver as discrepancias prantexadas, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo interposto pola intervención municipal, ós efectos procedimentais de continuación coa tramitación do expediente aprobatorio das facturas da relación indicada.

**TERCEIRO:** Condicionar a aprobación do presente recoñecemento extraxudicial a aprobación do expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado con Remanente de tesourería, que inclúe a consignación para facer fronte aos gastos das facturas de Rubén Prieto Tomé.

## 6.- PLAN ADICIONAL 1 E 2 DE 2020

O Sr Alcalde explica brevemente o contido da proposta.

Sen xerarse debate e por unanimidade o Pleno acorda:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

|   |            |
|---|------------|
| Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 | 45111,83 € |
|---|------------|

| <b>GASTOS SOCIAIS<br/>EXTRAORDINARIOS<br/><br/>DERIVADOS DO COVID-19<br/><br/>Prestacións artigo 1.2RDL 8/2020</b>   | <b>PREVISIÓN<br/>DE GASTOS<br/>2020<br/><br/>(A)</b> | <b>ESTIMACIÓN DE<br/>INGRESOS<br/>PÚBLICOS OU<br/>PRIVADOS<br/><br/>(B)</b> | <b>ESTIMACIÓN DO<br/>GASTO A<br/>FINANCIAR POLO<br/>CONCELLO<br/><br/>(Pode ser<br/>superior ao<br/>importe<br/>solicitado)<br/><br/>(A-B)</b> |
|--|--|---|--|
| a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia | 13000  | 10000   | 3000   |
| b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria  |  |   |  |
| c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.   |  |   |  |
| d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados  |  |   |  |





**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

|  |                 |                 |              |
|--|-----------------|-----------------|--------------|
| e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario   | 13000           | 13000           | 0            |
| f)Adquisición de medios de prevención (EPI).   | 6000            | 6000            | 0            |
| g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.  | 37111,83        | 16111,83        | 21000        |
| h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que conten con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes |                 |                 |              |
| i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.  |                 |                 |              |
| <b>TOTAL</b>   | <b>69111,83</b> | <b>45111,83</b> | <b>24000</b> |

2.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

| Gastos correntes  | Deputación |
|---|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 8727,61    |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| Investimentos financeiramente sostibles SI<br>incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos |          |                 |
|---|---------------------------------|----------|-----------------|
|   | Deputación                      | Concello | Orzamento total |
| Sinalización e emllora da iluminación do Santuario de Nsa Sra da Barca                      | 160441,75                       |          | 160441,75       |
|   |                                 |          |                 |
|   |                                 |          |                 |
|   |                                 |          |                 |
|   |                                 |          |                 |
| <b>TOTAL</b>  | 160441,75                       |          | 160441,75       |

| Investimentos financeiramente sostibles NON<br>incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 | Financiamento dos investimentos |          |                 |
|--|---------------------------------|----------|-----------------|
|  | Deputación                      | Concello | Orzamento total |
|  |                                 |          |                 |
|  |                                 |          |                 |
|  |                                 |          |                 |
|  |                                 |          |                 |
|  |                                 |          |                 |
| <b>TOTAL</b>   |                                 |          |                 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

**C ) Resumo:**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

| RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020                                     | Financiamento    |          |                  |
|---|------------------|----------|------------------|
|   | Deputación       | Concello | Orzamento total  |
| Gastos correntes  | 8727,61          |          |                  |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020     | 160441,75        |          | 160441,75        |
| Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 |                  |          |                  |
| <b>TOTAL</b>  | <b>169169,36</b> |          | <b>160441,75</b> |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está en vías de resolución todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

#### 7.-ADHESION ASOCIACION TURISMO

O Sr alcalde intervén “ Esta asociación nace entre os concellos , baixo a experiencia do Camiño Inglés e é para encamiñar a financiación porque non tiñamos outro mecanismo para concurrir a axudas. Quedar fóra



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

deste proxecto sería un erro.”

Dna Sandra Viela intervén: “ Ímos abstermos porque temos moitas dúbidas. Falei con xente do sector e coinciden nas dúbidas. Para que unha asociación máis? Temos a da CMAT que hai que facela funcionar. Nesta Asociación nova deixamos fóra dela ao sector.”

D Carlos Fdez manifesta: “ Vou absterme, teño dúbidas sobre elo. Os reparos de secretaría son razoables. É un tema obscuro, falta de transparencia. Creo qeu sería mellor votalo cando os reparos de secretaria estivesen aclarados. Sería mellor deixalo sobre a Mesa para aclarar o oscurantismo.”

De acordo co establecido no ROF , o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de deixar o asunto sobre a mesa, que queda aprobada coa abstención do grupo municipal do PP e o voto favorable dos integrantes presentes do Pleno.

## **8.-ACORDO ADHESION Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXIA**

O Sr. Alcalde explica a proposta de Alcaldía neste punto.

Sen producirse debate o pleno, por unanimidade acorda:

-A adhesión do concello de Muxía ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea

-Facultar ao Alcalde de Muxía a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución

## **9.-APROBACIÓN CONVENIO DEFINITIVO ESTRADA FARO DE TOURIÑAN**

O Alcalde manifesta: “Despois de varias reunión entre Cee, Muxia e Autoridade Portuaria, e dado que tíñamos aprobado en pleno un borrador de Convenio, traese este asunto hoxe por unha pequena modificación daquel”.

Dna. Sandra Vilela intervén: “ Todos sabemos a historia da estrada e quenes pelexaron por isto e foron os veciños de Nemiña e tamén Serxio Dominguez, do BNG de Cee. Esta é unha infraestrutura moi importante, comprometida na lexislatura anterior e outra vez retrasada nesta. Levamos un ano para aprobar o convenio. Pedimos dende o PP que explicasen porque non se empezaba a obra porque non dician que había problemas burocráticos e contéstanos o 13 de marzo que os traballos están supeditados á aprobación do pleno de Muxía. Por que non o trouxo antes?”

Carlos Fernández, manifesta: “ A ver se vai destaí. Paréceme extraño que isto non se aprobase antes. Cee o fixo fai moito. Por que?.”



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

O Sr. alcalde contesta: " Houbo retraso porque Portos pensaba que o Convenio o tínhamos xa e non era así. O que tínhamos era o anterior e ata finais de febreiro non o enviaron. Recoñezo a labor dos vecinos."

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar o Convenio entre o Concello de Muxía e a Autoridade portuaria de A Coruña para establecer as actuacións previas á mutación demanial a dito concello do tramo 2 da estrada de acceso ao Faro de Touriñan, (O texto do Convenio xúntase a esta acta).

Ás 11:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Muxía, xuño 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña